**Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 9 de outubro, con motivo do Día Mundial da Arquitectura**

O Pleno da Cámara, na súa sesión do día 9 de outubro, adoptou, por asentimento, o seguinte acordo:

«Declaración institucional con motivo do Día Mundial da Arquitectura

Este ano, no Día Mundial da Arquitectura, o luns 7 de outubro, a Unión Internacional de Arquitectos (UIA), o Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España (CSCAE) e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia poñen o foco sobre o desafío decisivo que representa a vivenda... para todas e todos.

En todo o planeta, máis de mil millóns de persoas viven de xeito precario e sen servizos urbanos e millóns de homes e mulleres, refuxiados e desprazados por conflitos e catástrofes, carecen dun teito de maneira permanente.

En España, a progresiva concentración arredor das grandes cidades e a falla dun parque residencial accesible están encarecendo o prezo da vivenda. Isto dificulta que a xuventude e as familias poidan acceder a unha vivenda que responda ás súas necesidades de forma digna e axeitada, mentres que o mundo rural, tan presente en Galicia, sofre o fenómeno do despoboamento. Os cambios acelerados que vivimos, a urxencia de afrontar a emerxencia climática, reducindo o consumo ener-

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xético dos fogares, e a necesidade de os adecuar aos modos de vida e de traballo actuais e aos requirimentos dunha poboación cada vez máis envellecida, amosan un parque de vivendas que require unha transformación xeneralizada e urxente.

Os profesionais da arquitectura dirixen os esforzos a contribuír na resposta colectiva que esixen estes retos:

— Fronte ao prezo inalcanzable da vivenda, achegando solucións arquitectónicas eficientes, innovadoras e transversais e estratexias urbanas e territoriais que reequilibren a oferta e a demanda a medio e longo prazo.

— Contra o despoboamento, proporcionando planeamento urbano e estratéxico de diferentes escalas e accións de consolidación e renovación urbana en cada concello. E impulsando e contribuíndo á renovación e adecuación do parque de vivendas edificado para garantir a súa calidade e para que atenda unhas necesidades habitacionais actuais e futuras moi diferentes das que existían cando se construíu.

Por todo isto, os arquitectos de Galicia creen necesario dar un salto adiante. Un paso que implique todos os axentes involucrados, colexios profesionais, institucións locais, provinciais e autonómicas, e, por suposto, toda a sociedade galega. Para que entre todos poidamos poñer freo ás situacións coas que moitas veces nos atopamos. Traballando xuntos para garantir o dereito ao acceso a unha vivenda digna para todas as persoas. Uns alertando e informando e os outros, facilitando axudas e asistencia.

Porque son moitas as vivendas que seguen a carecer de auga quente, moitas delas propiedade de persoas maiores e con baixos recursos, outras que carecen de sistema de calefacción ou illamento mínimo e onde residen familias con varios menores a cargo, centos de casuísticas que nos alarman, preocupan e obrigan a comprometernos. Porque non cremos que na sociedade en que vivimos poidamos tolerar que existan tantas vivendas ou construcións que carezan das condicións mínimas de habitabilidade, de seguridade e incluso de estabilidade, infravivendas que no noso territorio son miles.

Reduzamos o seu número e garantamos así vivendas dignas e axeitadas, integradas en contornos construídos e medioambientais de calidade, para todas e todos, pero especialmente para as familias e as persoas máis vulnerables de Galicia.

Construamos canles coa sociedade.

Construamos dignidade e dereitos.

Construamos vivendas para todas e todos**»**.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 8 de outubro sobre o sistema público de pensión

O Pleno da Cámara, na súa sesión do día 8 de outubro**,** adoptou, por asentimento, o seguinte acordo:

«Declaración institucional sobre o sistema público de pensións.

O Parlamento de Galicia considera que o sistema público de pensións é o principal instrumento do benestar e a protección social, tanto en Galicia como no resto do Estado. En primeiro lugar, porque dá cobertura, fundamentalmente, ás persoas maiores, aínda que tamén protexe outras continxencias como a incapacidade, a viuvez e a orfandade. En todos os casos, protexe persoas que dificilmente teñen alternativas de ingresos diferentes á pensión; son, polo tanto, persoas vulnerables que teñen no sistema público de pensións a garantía de ingresos para levaren unha vida digna.

En segundo lugar, porque ningún outro sistema de protección dá cobertura a un número tan elevado de persoas, para o que dispón dun orzamento moi superior ao resto de instrumentos de protección social.

Xa o é agora e serao máis no futuro inmediato, pois o alongamento da esperanza de vida fai que aumente o número de persoas maiores, especialmente en sociedades como a galega que combinan este proceso cunha regresión demográfica que ten como consecuencia un incremento do peso relativo das persoas maiores.

Algunhas cifras o demostran. En Galicia hai 339.459 mulleres e 338.767 homes pensionistas nas diferentes modalidades e réximes. Sumadas, son 678.226 persoas en total, unha cifra que, comparada coa poboación total de Galicia, evidencia a súa extraordinaria relevancia: o 25 % dos 2,7 millóns de persoas que viven no noso país son pensionistas.

Dito doutro xeito: unha de cada catro persoas en Galicia ten na pensión a súa fonte principal de ingresos, de aí o enorme papel de cohesión social que desempeñou o sistema público de pensións na última recesión económica. Un peso económico e social que aínda é maior nas provincias menos desenvolvidas e máis envellecidas, porque en Lugo as persoas pensionistas son o 30 % da poboación total e chegan ata o 31 % en Ourense.

O impacto económico das pensións é moi significativo no noso país porque a nómina mensual de pensións en Galicia supera os 637 millóns de euros e, polo tanto, o desembolso do sistema público de pensións é na comunidade autónoma de 9.000 millóns de euros cada ano.

O Parlamento de Galicia considera que a defensa do sistema público de pensións ten que ser unha prioridade absoluta para a sociedade galega, coas súas institucións á fronte. Defender o sistema e tamén as persoas, porque coa crise económica se modificaron tanto as condicións de acceso ás pensións como a súa contía.

O Parlamento de Galicia estima que o necesario equilibrio financeiro do sistema non pode buscarse reducindo a contía dunhas pensións que, en moitos casos, xa son baixas, especialmente no noso

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

país. En setembro de 2019, a pensión media está en 848 euros ao mes, unha cifra baixa pero que aínda así agocha realidades moi preocupantes, como que a contía da pensión de viuvez sexa de 601 euros ou que a pensión media do réxime de autónomos sexa de 597 euros mensuais.

Son cantidades que non se poden reducir máis, polo que o Parlamento de Galicia opina que o mecanismo de revalorización anual debe garantir que as pensións non perdan poder adquisitivo, tomando o IPC como referencia troncal. Ao tempo que se garante o poder adquisitivo do conxunto do sistema, hai que ir mellorando a contía das pensións mínimas, unha cuestión de especial relevancia para o noso país xa que o 30 % das persoas pensionistas en Galicia cobran complementos de mínimos.

O Parlamento de Galicia comparte a idea de que para garantir a sustentabilidade do sistema ante os desafíos demográficos é necesario mellorar o seu financiamento a través das cotizacións sociais, pero tamén contando cos orzamentos xerais do Estado.

É fundamental aumentar os ingresos por cotizacións, que son a fonte principal de financiamento do sistema, e para iso cómpre máis e mellor emprego, máis persoas cotizando en empregos estables e con mellores salarios porque así aumentan as bases de cotización e os ingresos da Seguridade Social.

O Parlamento de Galicia manifesta o seu compromiso na defensa do sistema público de pensións como principal instrumento para o benestar, a protección e a cohesión social, que debe ser reforzado ante o desafío demográfico ao que se enfronta para poder garantir pensións suficientes que lles aseguren unha vida digna ás persoas que as cobran**»**.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 7 de outubro de 2019, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

### Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

- 56577 - 46489 (10/PRE-016460)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 4 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para rebaixar a sinistralidade e reforzar o firme da estrada LU-231, así como as que vai adoptar en colaboración coa deputación e cos concellos para facilitar o tránsito da LU-2901, da LU-231, da A-54 e do enlace coa A-6 entre os concellos de Palas de Rei e Friol

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 56551 - 51945 (10/PRE-016544)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa
Sobre a recepción por parte do Goberno galego da solicitude do Concello de Arteixo referida á creación dunha rotonda e dun paso de peóns na intersección da estrada autonómica AC-552 coa estrada provincial DP-0507 na parroquia de Larín, así como o contido e a viabilidade do proxecto e as súas previsións ao respecto

- 56542 - 52727 (10/PRE-016545)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións da Consellería de Sanidade co fin de dar a coñecer e de fomentar a utilización do Rexistro Galego de Instrucións Previas

- 56656 - 52735 (10/PRE-016548)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e 2 máis
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir o mantemento do uso industrial e dos postos de traballo nos terreos que ocupa na actualidade Factorías Vulcano

- 56560 - 51643 (10/PRE-016833)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a dispoñibilidade da autorización e documentación necesaria pola empresa promotora das obras que se están a levar a cabo na serra do Oribio, no Courel, e a verificación pola Xunta de Galicia dos posibles danos ocasionados pola maquinaria no patrimonio cultural, así como as medidas adoptadas ou previstas ao respecto

- 56591 - 42268 (10/PRE-016856)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre as actuacións que se están a desenvolver na mellora do Servizo Público de Emprego de Galicia

- 56589 - 42499 (10/PRE-016864)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 3 máis
Sobre as medidas adoptadas e que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para garantir a cobertura das gardas polos especialistas correspondentes nas comarcas rurais galegas promovendo una atención sanitaria especializada e de proximidade para as persoas doentes

- 56796 - 40820 (10/PRE-016912)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 3 máis
Pregunta de iniciativa popular sobre o coñecemento por parte da Consellería de Sanidade do inicio de xestións por parte da empresa titular do tanatorio de Lousame para a autorización da instalación

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dun forno crematorio en Portobravo, a súa opinión ao respecto e as súas razóns para non atender a solicitude de información pública en relación cos expedientes de declaración responsable para o inicio ou a variación da actividade nese tanatorio

- 56588 - 43474 (10/PRE-016914)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia da necesidade dun cambio de sentido na xestión do conflito co persoal de urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a súa política de recursos neste servizo e as previsións de cambios na dirección da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Santiago

- 56587 - 43479 (10/PRE-016915)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega

- 56585 - 44854 (10/PRE-016971)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a situación dos proxectos de construción do centro de saúde de Aldán-O Hío e dun centro de alta resolución no concello de Cangas

- 56795 - 44891 (10/PRE-016974)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre os servizos que se van incluír no proxecto de creación dun centro integral de saúde anunciado para o concello de Lalín e a consignación do orzamento necesario para a súa construción, así como os prazos de licitación e remate do proxecto

- 56584 - 45378 (10/PRE-016992)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas taxas de persoas galegas maiores e menores de 18 anos que sofren sobrepeso ou obesidade, a aplicación do Plan Xermola para diminuír a prevalencia da obesidade na poboación infantil e xuvenil, así como as medidas previstas ao respecto durante a X lexislatura

- 56794 - 45407 (10/PRE-016996)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia en relación coa calidade da atención primaria no concello de Lalín, as súas razóns para desbotar a construción do centro de alta resolución comprometido, así como as actuacións previstas para solucionar as carencias e deficiencias estruturais que presenta o actual centro de saúde

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 56583 - 45518 (10/PRE-016997)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as razóns da situación na que se atopa a fisioterapia no Sistema público de saúde, así como as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade para a súa mellora na Atención primaria

- 56582 - 45572 (10/PRE-016999)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación do transporte sanitario terrestre, as actuacións previstas no caso dunha sentenza xudicial que determine a existencia de irregularidades na concesión do servizo, así como as medidas que vai adoptar en relación co informe policial referido ao incumprimento nas ambulancias das medidas de seguridade establecidas

- 56581 - 45575 (10/PRE-017000)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre os criterios utilizados polo Goberno galego para determinar o volume de persoal existente o sábado 4 de agosto no PAC da Estrada, a súa opinión respecto da atención sanitaria ofrecida neses centros e os posibles acordos aos que pode chegar en relación coas demandas de melloras

- 56580 - 45581 (10/PRE-017002)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Pontevedra, as actuacións que vai levar a cabo para a súa mellora e a data prevista para o remate do hospital Gran Montecelo

- 56579 - 45839 (10/PRE-017012)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á garantía do dereito á interrupción voluntaria do embarazo no territorio galego e no ámbito da sanidade pública, as actuacións que está a levar a cabo para ese fin e os protocolos que está a seguir o Sergas ao respecto

- 56793 - 45844 (10/PRE-017013)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da utilización de actividades de carácter institucional para a promoción de candidaturas dun partido político ás vindeiras eleccións municipais, así como os criterios seguidos pola Consellería de Sanidade para elixir as persoas participantes na mesa redonda organizada para o 14 de febreiro de 2019 na cidade da Coruña

- 56578 - 46086 (10/PRE-017017)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os datos referidos á ruptura do convenio asinado polo Sergas coa sanidade privada para a prestación do servizo de fisioterapia e logopedia na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada Lugo-Cervo-Monforte, así como as medidas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia para garantir esa atención

- 56575 - 46939 (10/PRE-017036)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas da coordinadora Zas sen Recortes en Pediatría, referidas á reposición das 35 horas de atención pediátrica que se viñan prestando entre os centros de Zas e Baio

- 56574 - 46949 (10/PRE-017037)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Sanidade en relación coas denuncias da Asociación Profesional de Técnicos en Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia referidas ás supostas irregularidades no servizo de transporte sanitario terrestre

- 56573 - 47119 (10/PRE-017043)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión dunha ambulancia de soporte vital avanzado para a comarca do Salnés no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre que se está a iniciar

- 56572 - 47128 (10/PRE-017044)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas formuladas no acordo adoptado polo Concello do Grove respecto das carencias de persoal do centro de saúde e a construción dun novo centro

- 56569 - 48251 (10/PRE-017071)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre a xestión levada a cabo pola Consellería de Sanidade en relación coa situación da atención á saúde mental, así como as medidas previstas ao respecto

- 56792 - 49631 (10/PRE-017095)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María
Sobre as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade, e en particular o Sergas, en relación co compromiso, dedicación, tempo e voluntariedade das súas profesionais na mellora continua da calidade asistencial, formación e coñecemento a través da súa participación en comisións específicas

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 56791 - 49798 (10/PRE-017106)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o prazo e as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver as carencias de persoal e de recursos materiais existentes no Hospital Comarcal de Verín

- 56567 - 49808 (10/PRE-017107)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia, na calidade asistencial e nas condicións laborais dos traballadores, das condicións establecidas no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, así como respecto da necesidade de modificar os criterios de valoración

- 56566 - 49824 (10/PRE-017108)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as razóns e a posible incidencia para a poboación do Salnés da modificación prevista, no novo concurso para a adxudicación do transporte sanitario urxente terrestre, da dotación de profesionais da ambulancia de soporte vital avanzado, así como da supresión da segunda ambulancia de soporte vital básico que presta servizo en Vilagarcía de Arousa

- 56789 - 49881 (10/PRE-017109)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego para o asinamento dun acordo que permita construír un novo centro de saúde no concello de Caldas de Reis, os prazos estimados e o investimento necesario para ese fin, así como as intencións do Sergas de mellorar a actual dotación de persoal para garantir a calidade asistencial no concello

- 56797 - 49987 (10/PRE-017112)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas polo Sergas para garantir a cobertura da praza de pediatra que vai quedar vacante pola xubilación da persoa titular nos centros de saúde de Barro e de Monte Porreiro, en Pontevedra

- 56565 - 50004 (10/PRE-017114)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 4 máis
Sobre o pechamento de camas e a derivación de doentes á sanidade privada durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas, a súa incidencia no eido asistencial e mais os criterios seguidos, os datos e as previsións ao respecto

- 57030 - 50609 (10/PRE-017122)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a universalización do ensino entre os 0 e 3 anos, a dispoñibilidade dalgún plan para o despregamento dunha rede pública de ensino infantil que teña en conta as necesidades reais da poboación, así como as súas previsións respecto do incremento para o ano 2020 das partidas orzamentarias destinadas á construción de novas escolas infantís públicas

- 56599 - 50631 (10/PRE-017123)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da posibilidade de asumir os custos que supón, para as persoas galegas afectadas de extrofia vesical ou patoloxías afíns, a asistencia sanitaria en centros de referencia públicos de fóra de Galicia, a dispoñibilidade dalgún protocolo de actuación ao respecto, así como de información e asesoramento aos pais dos nenos afectados

- 56563 - 51278 (10/PRE-017128)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non atender as demandas das familias de Abadín referidas ás melloras necesarias na atención pediátrica do concello, así como as súas previsións ao respecto

- 56562 - 51431 (10/PRE-017129)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre o horario de funcionamento e a dotación de recursos humanos e materiais das unidades de Estimulación Temperá e de Saúde Mental Infanto-xuvenil do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo

- 56557 - 51695 (10/PRE-017134)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a xestión da Xunta de Galicia en relación coa situación da atención primaria no sistema sanitario de Galicia

- 56556 - 51746 (10/PRE-017136)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a xestión que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención primaria, así como as medidas que vai adoptar para solucionar a situación na que se atopa

- 56555 - 51850 (10/PRE-017140)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xerencia de Xestión Integrada para mellorar a atención aos doentes oncohematolóxicos da área sanitaria de Santiago de Compostela e a dispoñibilidade dalgún plan para dotar do persoal necesario a área de Oncohematoloxía

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 56787 - 51904 (10/PRE-017141)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Administración pública de sanidade para valorar de modo xusto o tempo investido en formación polos seus profesionais e consideralo como tempo traballado, así como a medida en que se está a procurar esta de xeito independente aos intereses da industria farmacéutica

- 56554 - 51913 (10/PRE-017142)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a opinión do Goberno galego referida á política laboral que está a levar a cabo no Sergas e as medidas previstas para respectar os dereitos laborais e manter unha calidade asistencial axeitada, así como as xestións realizadas diante do Goberno central en relación coa taxa de reposición

- 56552 - 51917 (10/PRE-017143)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Vázquez Verao, Paula
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en materia de diálogo e de atención das reivindicacións das profesionais facultativas de atención primaria, despois da folga levada a cabo en Vigo

- 56549 - 52059 (10/PRE-017147)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Sanidade para a detección, a atención e o tratamento dos problemas de saúde mental materna no período perinatal cos recursos necesarios

- 56548 - 52207 (10/PRE-017148)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Sánchez García, Antón
Sobre as medidas desenvolvidas, as que está desenvolver e as previstas pola Consellería de Sanidade para solucionar a crise da atención primaria, a problemática dos puntos de atención continuada e as carencias relevantes da atención pediátrica, en especial no rural

- 56571 - 47130 (10/PRE-017220)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e 3 máis
Sobre as actuacións que está a valorar o Goberno galego en relación co expediente de regulación temporal de emprego presentado pola empresa Bosch Service Solutions, de Vigo, e a situación xeral do sector do telemárketing en Galicia

- 57001 - 52783 (10/PRE-017494)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a necesidade de cubrir a asistencia pediátrica no concello de Camariñas

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 57000 - 52790 (10/PRE-017496)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar o Servizo Galego de Saúde en relación co concerto asinado con Povisa para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación que ten adscrita

- 56541 - 52800 (10/PRE-017499)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemárketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo

- 56540 - 52843 (10/PRE-017504)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Sánchez García, Antón
Sobre os datos do Servizo Galego de Saúde respecto da actividade asistencial na atención primaria

- 56539 - 52849 (10/PRE-017505)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre a posta en funcionamento dun punto de atención continuada en horario de tarde no Centro de Saúde de Rianxo

- 56538 - 52890 (10/PRE-017511)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 3 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para acadar un servizo pediátrico suficiente e de calidade no concello de Abadín

- 56655 - 53009 (10/PRE-017518)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a organización, previsión e xestión na asistencia da atención primaria no centro de saúde do Grove

- 56654 - 53058 (10/PRE-017522)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da actividade mercantil da Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo S.A.

- 56653 - 53081 (10/PRE-017523)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda á Xunta de Galicia do inicio das actuacións necesarias destinadas a solucionar as carencias detectadas na Unidade Coronaria do CHUO

- 56652 - 53107 (10/PRE-017525)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do colapso desta pasada fin de semana nas urxencias do Hospital Montecelo, en Pontevedra

- 56657 - 53243 (10/PRE-017532)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a modificación por parte da Xunta de Galicia dos baremos para o concurso de concesión das oficinas de farmacia de Galicia

- 56651 - 53465 (10/PRE-017540)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa situación actual do estaleiro Vulcano, en Vigo

- 56650 - 53639 (10/PRE-017557)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a idoneidade da dotación de material tecnolóxico en forma de impresoras e bisturís eléctricos nos centros de saúde galegos

- 56649 - 53697 (10/PRE-017562)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas adoptadas por parte da Xunta de Galicia para previr e combater a ludopatía entre a mocidade galega

- 56648 - 53700 (10/PRE-017563)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción durante a X Lexislatura dun novo centro de saúde en Ribadavia, os prazos de inicio das obras e da posta en funcionamento, o porqué dos atrasos, o orzamento dedicado e as medidas a adoptar para corrixir as deficiencias do actual centro

- 56647 - 53704 (10/PRE-017564)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel
Sobre o coñecemento e valoración por parte da Xunta de Galicia do proceso de deslocalización dos servizos de R Cable e da posible perda de postos de traballo, así como as actuacións levadas a cabo para evitalo

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 56646 - 54099 (10/PRE-017593)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a situación do persoal traballador da cociña do Complexo Hospitalario de Ourense

- 56537 - 54527 (10/PRE-017616)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa evolución que presentan os datos referidos ás listas de agarda nas primeiras consultas das especialidades, probas de diagnóstico por imaxe e cirurxía no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

- 56536 - 54861 (10/PRE-017621)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as razóns do Goberno galego para recortar, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, a dotación de técnicos de emerxencias sanitarias da ambulancia medicalizada de Foz, así como as súas previsións referidas á rectificación da súa política ao respecto

- 56535 - 54998 (10/PRE-017629)
Grupo Parlamentario Mixto
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para reactivar a economía galega

- 56999 - 55043 (10/PRE-017631)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre as previsións do Instituto Galego de Vivenda e Solo respecto da atención ás demandas do Concello e das familias de Viveiro en relación co estado de abandono e condicións de seguridade que presentan as tres vivendas da súa titularidade sitas nas rúas Rosalía de Castro e Fernández Victorio

- 56998 - 55191 (10/PRE-017646)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para paliar a incidencia do cambio climático nos recursos hídricos

- 56997 - 55340 (10/PRE-017658)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre os datos referidos aos convenios asinados pola Axencia Galega de Infraestruturas cos concellos na décima lexislatura, as razóns do uso, para a concesión das axudas, da modalidade de convenio no canto do procedemento de convocatoria pública en concorrencia competitiva e as previsións ao respecto

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 56996 - 55368 (10/PRE-017659)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a xestión do Goberno galgo galego en relación co saneamento e a rexeneración das rías

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

## 3. Administración do Parlamento de Galicia

### 3.2. Recursos humanos

**Resolución da Presidencia, do 10 de outubro de 2019, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.**

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 8 de xullo de 2019 convocouse o proceso selectivo e aprobáronse as bases que o rexen para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

Transcorridos os prazos de presentación de documentación requirida nas bases da convocatoria, ao abeiro do establecido na base cuarta, e á vista do informe do Servizo de Persoal e Réxime Interior,

RESOLVO:

1º. Aprobar a relación definitiva de aspirantes admitidas/os e excluídas/os, con indicación do seus apelidos e nome, do DNI e das causas de exclusión que procedan, segundo figura no documento anexo.

2º. Ordenar a publicación desta resolución no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante a Presidencia do Parlamento, no prazo dun mes, ou ben poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados ambos os dous desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,10 de outubro de 2019
Miguel Angel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ANEXO

A) RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI |
|---|---|---|---|
| 1 | GARCÍA RODRÍGUEZ | TEODORO | ***1406 ** |
| 2 | LORENZO SANTALUCÍA | MARINA IRENE | ***5265 ** |

B) RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

Non hai.

# 4. Informacións e correccións de erros

## 4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 494, do 28 de xuño de 2019, dos acordos do Pleno do 25 de xuño de 2019.

Advertido un erro na devandita publicación, procédese á corrección nos seguintes termos:

Na páxina 164970, na PNP con número de rexistro 50678 (10/PNP-003829), presentada polo G. P. de En Marea, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez, onde di:

«O Parlamento Galego acorda demandar da Xunta de Galicia a elaboración, conforme a normativa vixente e as directrices existentes a respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do Lérez, de tal forma que se garanta que estes non afectarán ningunha das rías galegas, nomeadamente a ría de Arousa.»

De dicir:

«O Parlamento de Galicia acorda demandar da Xunta de Galicia a elaboración, conforme a normativa vixente e as directrices existentes a respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes da dragaxe do Lérez, de tal forma que se garanta que estes non afectarán ningunha das rías galegas, nomeadamente a ría de Arousa.»

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56577
Data envío: 27/09/2019 14:42:43.070
Data 27/09/2019 14:42

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 46489,** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Luís Villares Naveira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para rebaixar a sinistralidade e reforzar o firme da estrada LU-231, así como as que vai adoptar en colab oración coa deputación e os concellos para facilitar o tránsito entre a LU-2901, a LU-231, a A-54 e o enlace coa A-6 entre os concellos de Palas de Rei e Friol"**, (publicada no BOPG número 437 do 27 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

**"**En primeiro lugar, cómpre indicar que a data de hoxe o nivel de accidentalidade da LU-231 non se considera reseñable. Respecto ao estado da estrada, nestes momentos a Axencia Galega de Infraestruturas está a acometer a súa mellora a través do proxecto de construción 'Adaptación da estrada LU-231, Friol-A Baiuca, punto quilométrico 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54), ao Plan de baixa IMD mellorada'.

A actuación divídese en dúas fases. A Axencia Galega de Infraestruturas publicou o 19 de febreiro de 2019 o trámite de información pública da primeira delas, o treito Friol-Castrelo, que suma 9 quilómetros de lonxitude e conta cun investimento duns 2,8 millóns de euros. Así mesmo, estase traballando no proxecto do segundo treito desta actuación, que vai desde Castrelo á Baiuca, en Palas de Rei. Deste xeito completarase o arranxo do tramo autonómico desta estrada, que suma uns 18 quilómetros e un investimento de máis de 6 millóns de euros, incluídas as expropiacións.

Por último, en relación co resto de estradas citadas nesta iniciativa, debe recordarse que o



CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/09/2019 14:42:39

ámbito competencial da Axencia Galega de Infraestruturas é o das estradas pertencentes á Rede Autonómica de Estradas de Galicia, formada por aquelas cuxo itinerario discorre integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que non sexan de titularidade do Estado ou doutros organismos**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56577
Data envio: 27/09/2019 14:42:43.070

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:42:39**

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56551
Data envío: 27/09/2019 14:38:51.617
Data 27/09/2019 14:38

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 51945,** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María Luísa Pierres López, sobre **"a recepción por parte do Goberno galego da solicitude do Concello de Arteixo referida á creación dunha rotonda e dun paso de peóns na intersección da estrada autonómica AC-552 coa estrada provincial DP-0507 na parroquia de Larín, así como o contido e a viabilidade do proxecto e as súas previsións ao respectos"**, (publicada no BOPG número 495 do 1 de xullo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

**"**Respecto á cuestión que se refire nesta iniciativa, tense recibido na Axencia Galega de Infraestruturas un escrito dos veciños. Así mesmo, mantivéronse contactos a nivel técnico co Concello nos que se trasladou unha proposta.

Estase a estudar tecnicamente para poder avaliar a viabilidade da proposta, priorizando sempre a seguridade viaria**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56551
Data envio: 27/09/2019 14:38:51.617

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:38:46**

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56542
Data envio: 27/09/2019 14:37:38.960
Data 27/09/2019 14:37

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ml

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 52727 ,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena e don Antón Sánchez García, sobre **"as actuacións da Consellería de Sanidade relacionadas con dar a coñecer e fomentar a utilización do Rexistro Galego de Instrucións Previas"**, (publicada no BOPG número 513 , do 30 de xullo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade ,** que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Sanidade desenvolve - dende o ano 2008, no que se publica o Decreto de creación do Rexistro Galego de Instrucións Previas sobre Coidados e Tratamento da Saúde – actividades de formación, información e divulgación dirixidas aos profesionais sanitarios, á poboación xeral e a colectivos específicos (terceira idade, amas de casa/coidadores...).

Elaborouse unha Guía de instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde, trípticos para cidadáns e profesionais e carteis que se distribuíron polos hospitais e centros de saúde do Servizo Galego de Saúde.

Nas pantallas das salas de espera dos centros de saúde e dos hospitais emítese un vídeo explicando qué son as instrucións previas e onde dirixirnos para obter máis información.

Na páxina web da Consellería de Sanidade / Sergas atópase información sobre quén pode facer un documento de instrucións previas, o seu contido, como formalizalo, requisitos de inscrición, a posibilidade de substituír e revocar un documento, modelos de documentos, lexislación... e a relación de unidades habilitadas que ten o Rexistro Galego de Instrucións Previas (Xefaturas territoriais de Sanidade, hospitais, centros de Saúde).

Periodicamente infórmase a través dos medios de comunicación: prensa, radio e televisión.

Mantemos colaboración coa Facultade de Medicina da Universidade de Santiago e coa Oficina de Coordinación de Transplantes que informan aos cidadáns da conveniencia de plasmar os seus desexos respecto do destino final dos órganos e do corpo nun documento de instrucións previas.

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/09/2019 14:37:34

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56542
Data envío: 27/09/2019 14:37:38.960

Fanse sesións de divulgación en coordinación coa Escola Galega de Saúde para Cidadáns e outras institucións.

Faise formación dos profesionais mediante sesións aos membros de comités técnico asistenciais de coidados paliativos, do comité autonómico de Ética da Investigación de Galicia, da Sociedade Galega de Neuroloxía e cursos a través da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS, antes FEGAS).

Impártese formación específica dos profesionais habilitados para traballar nas unidades do Rexistro Galego de Instrucións Previas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
**Nº Rexistro: 56542**
Data envio: 27/09/2019 14:37:38.960

**Asinado dixitalmente por:**

A redistribución de cotas fíxose tendo en conta a proximidade dos domicilios das persoas afectadas ao centro de saúde onde serían atendidas e tendo en conta, así mesmo, o criterio dos facultativos implicados, tratando na medida do posible que cada un dos facultativos tivese aproximadamente 1.000 TIS, cifra moi por debaixo da media asignada aos facultativos desta EOXI.

Para a redistribución tivéronse en conta, evidentemente, datos estatísticos demográficos, así como a frecuentación e axendas de cada un dos facultativos.

A data de hoxe (case dous anos despois) as cotas de cada un dos facultativos son: 1117 TIS, 920 TIS e 871 TIS.

Respecto de Soutomaior cabe precisar que as cotas dos tres facultativos son (á abril de 2019) de 1574 (Consultorio de Romariz), 1642 e 1604 TIS (Centro de Saúde de Arcade) e 901 TIS de pediatría.

Neste concello estanse a cubrir as ausencias cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde, e que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.

En relación co concello de Poio informar que o facultativo que se xubilou no Centro de Saúde de Combarro foi cuberto por un interino o día 9 de novembro de 2018.

Respecto do servizo de pediatría do Centro de Saúde de Anafáns, dos dous pediatras que tiñan praza no centro unha foise por concurso de traslados a outra área sanitaria, pero dende o día 16 de xaneiro do 2019 está cuberta.

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En canto ás coberturas das ausencias, como xa se mencionou, realízanse cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde, e que garanten unha asistencia e accesibilidade á poboación.

É coñecida a situación de escasa dispoñibilidade de espazo no centro de Anafáns. Por este motivo o Servizo Galego de Saúde elaborou un plan funcional que establecía unha necesidade de superficie de edificación duns 900 m², non obstante as características urbanísticas da parcela na que está ubicado o centro, segundo comunicación do concello, non permitía unha edificación superior aos 700 m².

Nestes momentos a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde seguen a espera de que o concello xestione esta situación co fin de garantir que a ampliación do centro de saúde de Anafáns cubra as necesidades asistenciais, de tal forma que dita ampliación acade os 900 m² de nova superficie construída.

En relación con proxecto do Gran Montecelo o Consello da Xunta do 27 de xullo de 2019 ven de autorizar a aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal par a ampliación do Hospital Gran Montecelo, polo que podemos dicir que estamos a cumprir co cronograma marcado.

Respecto ao Servizo de Urxencias sinalar que unha das súas características é a variación da demanda de asistencia, é dicir, existe unha importante variabilidade en función da hora do día, do día da semana e do período do ano**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56580
Data envio: 27/09/2019 14:43:06.304

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:43:02**

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56579
Data envío: 27/09/2019 14:42:58.382
Data 27/09/2019 14:42

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 45839,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión da Xunta de Galicia referida á garantía do dereito á interrupción voluntaria do embarazo no territorio galego e no ámbito da sanidade pública, as actuacións que está a levar a cabo para ese fin e os protocolos que está a seguir o Sergas ao respecto"**, (publicada no BOPG número 435, do 21 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"Desde a Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde cumprimos co establecido na normativa vixente, e traballamos para mellorar a atención á saúde da muller e garantir os seus dereitos neste ámbito.

Poñemos os medios e adoptamos as medidas necesarias para garantir unha asistencia de calidade a todas as mulleres, independentemente do lugar onde residan, identificando áreas de mellora e cunha rápida aplicación de medidas correctoras en base a criterios de equidade e eficiencia; vontade que se materializa día a día na adecuada xestión dos recursos en función das necesidades e das variacións da demanda asistencial.

E seguimos avanzando e dando pasos na atención á interrupción voluntaria do embarazo en todas as semanas de xestación coa elaboración e difusión dos circuítos asistenciais de IVEs para mais de 14 e de 22 semanas de xestación, temos como centro de referencia para os IVES de mais de 22 semanas o Hospital Álvaro Cunqueiro da EOXI de Vigo, ao que se engade dende o comezo deste ano 2019 o Complexo Hospitalario de Ourense que foi autorizado como o segundo centro de referencia autonómico para os IVES de máis de 22 semanas.

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/09/2019 14:42:55

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56579
Data envio: 27/09/2019 14:42:58.382

Tamén ampliáronse a dous o número de comités clínicos para estudar os casos de solicitude de IVE de xestacións de mais de 22 semanas, para diminuír unha posible demora no diagnóstico.

Os datos estatísticos sobre abortos euxenéxicos poden consultarse no seguinte enlace: https://www.sergas.es/Saude-publica/IVE-Datos-estat%C3%ADsticos-Porcentaxes-IVEs-%C3%A1boas-gr%C3%A1ficos?idioma=es."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56579
Data envio: 27/09/2019 14:42:58.382

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:42:55

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56793
Data envio: 01/10/2019 14:29:02.877
Data 01/10/2019 14:28

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 45844,** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión da Xunta de Galicia respecto da utilización de actividades de carácter institucional para a promoción de candidaturas dun partido político ás vindeiras eleccións municipais, así como os criterios seguidos pola Consellería de Sanidade para elixir as persoas participantes na mesa redonda organizada para o 14 de febreiro de 2019 na cidade da Coruña"**, (publicada no BOPG número 435 do 21 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade ,** que ten o seguinte contido:

**"**O proxecto 'Ciudades Saludables' é unha iniciativa da Organización Mundial da Saúde no que teñen unha relevancia determinante as materias do medio ambiente e do ámbito do benestar social polo que foron convidadas persoas coñecedoras destas materias.

A mesa redonda que nos ocupa ten sido organizada pola Consellería de Sanidade e o Cluster de Saúde de Galicia, coa colaboración da Fundación Barrié**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56793
Data envio: 01/10/2019 14:29:02.877

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2019 14:28:59

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 46086,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os datos referidos á ruptura do convenio asinado polo Sergas coa sanidade privada para a prestación do servizo de fisioterapia e logopedia na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada Lugo-Cervo-Monforte, así como as medidas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia para garantir esa atención"**, (publicada no BOPG número 435, do 21 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"O número de pacientes que foron derivados dende os distintos centros hospitalarios da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos ao centro de fisioterapia 'Fisioterapia Lugo S.L.' e que quedaron sen iniciar o tratamento ben de logopedia ou fisioterapéutico e polo tanto estaban en lista de espera no momento en que cesa a relación contractual, é o seguinte:

**LOGOPEDIA**:

AREA HULA: 106 pacientes

AREA MARIÑA: 42 pacientes.

AREA MONFORTE: todos os pacientes en lista de espera están sendo a tratar en centro concertado na mesma área dende o mes de outubro de 2018.

**FISIOTERAPIA**:

AREA MONFORTE: non se remitiron nunca pacientes a centro concertado.

AREA HULA:

PACIENTES AGUDOS (PREFERENTES): 947 pacientes.

PACIENTES CRÓNICOS: 1026 pacientes.

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

AREA DA MARIÑA:

Non hai pacientes en lista de espera agudos/preferentes remitidos ó centro concertado.

PACIENTES CRONICOS: 836 pacientes

A empresa ‘Fisioterapia Lugo S.L.’ prestaba o servizo para a atención dos pacientes do SERGAS en diferentes centros asistenciais en localidades da provincia de Lugo: Lugo cidade, Vilalba, Sarria, Monforte, Ribadeo, Viveiro e Burela.

A EOXI de Lugo-Cervo-Monforte de Lemos tiña subscrito un concerto para a realización de tratamentos de rehabilitación coa empresa ‘Fisioterapia Lugo S.L.’

Dito concerto venceu no ano 2018 e mentres se estaba a tramitar un novo mantívose a relación contractual coa empresa mediante unha autorización de uso que vencía o 31 de decembro de 2018.

En ningún caso a EOXI de Lugo-Cervo- Monforte rompeu a relación asistencial que viña mantendo ao longo dos anos coa empresa referida.

En data 24 de decembro de 2018 o administrador da empresa ‘Fisioterapia Lugo S.L.’ remite escrito á Xerencia da EOXI no que di ‘*….nos vemos en la obligación de no continuar con la relación que manteníamos con la EOXI de Lugo, dejando de atender a los pacientes que han sido derivados a nuestros diferentes centros para realización de tratamiento de rehabilitación a partir del día 1 de enero de 2019.*’

Sinalar que a empresa no escrito que remitiu á Xerencia di *‘...En cualquier caso todos los pacientes que están siendo atendidos en la actualidad lo continuarán siendo hasta la finalización de sus tratamientos...’* Polo tanto as actuacións a levar a cabo non son para a reanudación de tratamentos senón para o inicio dos pendentes e a resolución da lista de espera.

Como consecuencia da ruptura da relación asistencial por parte do centro ‘Fisioterapia Lugo S.L.’ atopámonos cunha lista de pacientes que estaban na lista de espera para a realización do tratamento rehabilitador prescrito no seu día polos diferentes servizos de rehabilitación dos hospitais da EOXI e doutros servizos no caso da logopedia e que non chegaron a iniciar o tratamento.

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Logo de reunirse a Xerencia da EOXI con responsables da empresa 'Fisioterapia Lugo S.L.' nos días posteriores á recepción da comunicación desta última e logo de constatar a negativa absoluta a seguir a tratar pacientes do SERGAS no centro concertado, comezouse a traballar na organización da resolución da problemática xurdida para facilitar ós pacientes os tratamentos prescritos no seu momento.

Ordeouse ao centro 'Fisioterapia Lugo S.L.' que devolvese as relacións e fichas de tratamentos de todos aqueles pacientes que quedaban en lista de espera nos diferentes centros que esta empresa tiña na provincia de Lugo.

Actualizouse a información sobre os pacientes en lista de espera cotexando os datos cos dispoñibles nos servizos de rehabilitación e de admisión da EOXI.

No referente aos tratamentos de logopedia, dende a Xerencia da EOXI realizáronse xestións cun centro concertado da provincia de Lugo para a derivación para tratamento destes pacientes ao igual que xa se fixo, no mes de outubro de 2018, no caso dos pacientes da área de Monforte de Lemos.

Na primeira semana de febreiro de 2019 o centro concertado informa da dispoñibilidade de logopeda para asumir pacientes do SERGAS e polo tanto remítenselle os pacientes pendentes de tratamento, os cales comezaron a ser citados e atendidos a mediados do mes de febreiro.

En canto á fisioterapia fixéronse as seguintes actuacións:

- ✔ Citación en consultas externas do Servizo de Rehabilitación para revisión e reevaluación de determinados pacientes con patoloxías específicas que poideran verse modificadas durante a espera para a realización do tratamento e para a reasignación de centro de tratamento. Realizáronse ata o día 20 de febreiro de 2019 un total de 115 consultas.
- ✔ Reevaluación e reconversión das fichas de tratamento dos pacientes en lista de espera que foran derivados ó centro concertado e actualización da situación na mesma.
- ✔ Análise dos recursos dispoñibles nos diferentes centros tanto a nivel hospitalario como de atención primaria de cara ao reforzo dos mesmos para incrementar o número de pacientes a tratar neles.

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- ✔ Contratación inmediata de 6 fisioterapeutas e 1 auxiliar de enfermería para o Servizo de Rehabilitación do Hospital Universitario Lucus Augusti de xeito que se comenzase a tratar aos pacientes agudos/preferentes. Comezóuse nos primeiros días do mes de febreiro.

Como dixemos anteriormente en Monforte non se produce derivación de pacientes para realización de tratamento de rehabilitación dado que se asume o mesmo cos recursos que conta o Servizo de Rehabilitación do Hospital.

No caso da logopedia dende o mes de outubro de 2018 os pacientes que precisan deste tratamento, e que son da área de atención do Hospital de Monforte, son atendidos nun centro concertado da localidade.

Na zona da Mariña temos pacientes en lista de espera de tratamento tanto de logopedia como de fisioterapia, sendo estes unicamente pacientes con patoloxía crónica.

Resultou unha xestión mais complicada o reinicio dos tratamentos na Mariña que na cidade de Lugo, de ahí a diferenza de inicio en cada un deles.

A partir do 25 de febreiro restableceuse a atención na propia Mariña, sen necesidade de trasladarse a Lugo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56578
Data envio: 27/09/2019 14:42:51.039

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:42:47**

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 46939,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas da coordinadora Zas sen recortes en pediatría, referidas á reposición das 35 horas de atención pediátrica que se viñan prestando entre os centros de Zas e Baio"**, (publicada no BOPG número 442, do 7 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"A atención primaria de saúde na Comunidade Autónoma de Galicia, organízase en Servizos de Atención Primaria, que son as estruturas básicas para a prestación de servizos sanitarios á poboación.

Cada servizo pode ter unha ou varias unidades de atención primaria (centros de saúde) que se localizan en distintos puntos de atención, intentando aproximarse, sempre que sexa posible, á poboación atendida e que están dotadas de persoal sanitario e persoal de servizos xerais que se adecúa ao ratio de poboación con tarxeta sanitaria (TIS).

Ante a falta de especialistas en pediatría dispoñibles para ser contratados estase a facer importantes esforzos para manter de xeito continuado o cadro de persoal dos nosos Centros, polo que se fai preciso levar acabo actuacións de cara a adecuar e reordenar a asistencia pediátrica tanto funcional como de horarios co fin de garantir a atención pediátrica nos nosos Servizos de Atención Primaria.

En concreto no Concello de Zas fíxose preciso adecuar e reordenar a asistencia pediátrica, dada a dificultade para poder contratar pediatras, dificultade que se incrementa máis, se cabe, para a contratación nas zonas rurais e que atenden varias localidades.

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Este concello conta na actualidade con 318 nenos en idade pediátrica.

A información destes parámetros, xunto cos estritamente clínicos, constituíron o punto de partida para reordenar a atención pediatría no Concello de Zas.

Na actualidade, nos municipios de Baio e Zas hai unha pediatra que da cobertura todos os días da semana: os luns e xoves no centro de Baio, e os martes, mércores e venres no centro de saúde de Zas, cunha media de ocupación das axendas no ano 2018 de 10 nenos/as por día. No horario do centro de saúde se presta tamén atención por médicos/as de familia que están capacitados para realizar asistencia, se fose preciso, á poboación infantil.

Os nenos de Baio e Zas contan con atención pediátrica, estando o servizo garantido para a poboación cuberta, cunha proximidade razoable e nuns horarios que permiten a conciliación da vida laboral, escolar e familiar."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56575
Data envio: 27/09/2019 14:42:28.023

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:42:24**

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 46949,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Sanidade en relación coas denuncias da Asociación Profesional de Técnicos en Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia, referidas ás supostas irregularidades no servizo de transporte sanitario terrestre"**, (publicada no BOPG número 442, do 7 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"En relación ao transporte urxente xestionado pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, en todos os casos nos que calquera empresa privada de transporte sanitario ponse a disposición desta Fundación se lles esixe unha Declaración Responsable asinada polo representante legal da mesma na que se compromete a non incorrer en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público; que as ambulancias que se mobilizan nas súas características técnicas, no seu equipamento sanitario e na súa dotación de persoal cumpren coa lexislación vixente; que dispoñen dunha póliza de responsabilidade civil e as ambulancias dunha póliza de seguro obrigatorio e que se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoal se realiza con absoluto respecto ó establecido na lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

Estas empresas, ademais, deben achegar unha copia do permiso de circulación, da tarxeta de transporte, da tarxeta inspección técnica do vehículo e a certificación técnico-sanitaria de cada un dos vehículos.

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Dende o momento que esta asociación de técnicos comunicou a esta Fundación as súas inquietudes, púxose en marcha unha actualización do procedemento no que ás empresas privadas non pertencentes á Rede de Transporte Sanitaria Urxente se lles require, ademais, unha copia da titulación do persoal técnico que realiza os servizos.

Por outra parte, as empresas adxudicatarias do actual contrato de transporte sanitario urxente terrestre teñen a obriga de cumprir co Decreto de transporte e non temos constancia de que exista ningún incumprimento do mesmo na actualidade. A FPUSG-061 fai un seguimento continuo do contrato, tanto no que respecta aos vehículos, como ao persoal e ao resto de obrigas contidas no mesmo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56574
Data envio: 27/09/2019 14:42:20.398

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:42:16**

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 47119,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da inclusión dunha ambulancia de Soporte Vital Avanzado para a comarca do Salnés no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre que se está a iniciar"**, (publicada no BOPG número 442, do 7 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"Polo que se refire á demanda dunha ambulancia medicalizada, no Consello da Xunta do 25 de abril de 2019 autorizouse a contratación do servizo de transporte sanitario terrestre urxente no que se incorporarán seis ambulancias de soporte vital avanzado (SVA), das que dúas son ambulancias de soporte vital avanzado medicalizado e as outras catro son ambulancias de soporte vital avanzado de enfermaría. Unha das novas ambulancias de SVA medicalizada terá a súa base na Comarca do Salnés.

O concurso está publicado na plataforma de contratación da Xunta de Galicia."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56573
Data envio: 27/09/2019 14:42:12.804

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:42:08**

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 47128,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas demandas formuladas no acordo adoptado polo Concello do Grove respecto das carencias de persoal do centro de saúde e a construción dun novo centro"**, (publicada no BOPG número 442, do 7 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"As ausencias dos profesionais, están a cubrirse cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde e que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.

A dotación de profesionais realízase con criterios exclusivamente técnicos, que teñen en conta entre outros: o número de habitantes, a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación, a isócrona respecto do hospital de referencia así como do PAC, etc.

O número de TIS medio por médico de familia no Grove é de 1.387, dentro dos parámetros que recomendan as asociacións profesionais, e a media de TIS por pediatra é de 671 por baixo da media dos demais pediatras da área.

A escaseza de médicos de familia e pediatras nas listas de substitución, é unha circunstancia coñecida por todos e que afecta non só á nosa área sanitaria ou a nosa CCAA, senón a todas as CCAA. A pesar diso, desde a xerencia esforzámonos cada día en implementar medidas organizativas que ademais de garantir a asistencia, permitan o goce das libranzas regulamentarias dos nosos profesionais.

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En canto ás xubilacións, neste centro producíronse 2, unha o 28 de febreiro e a outra o 11 de marzo do presente ano e serán ofertadas como interinidades nestas próximas semanas.

No centro de saúde do Grove prestan asistencia sanitaria 7 médicos de atención primaria, 2 pediatras, 1 farmacéutica, 6 DUE de adultos e 1 DUE de pediatría, 1 matrona APD dous días á semana, 2 auxiliares de enfermería e 3 PSX.

No Punto de Atención Continuada prestan asistencia os seguintes profesionais: 4 médicos de familia, 4 DUE, 3 celadores e 1 PSX.

Consideramos que o Centro de Saúde do Grove ten unha dotación de persoal adecuada para a asistencia sanitaria á súa poboación de referencia.

Nas épocas de maior afluencia de poboación como son no período de verán, semana santa e na festa do marisco, refórzanse os servizos coa dotación precisa para dar unha asistencia adecuada ao posible incremento de demanda e dentro da dispoñibilidade de profesionais para cubrir os devanditos reforzos.

O Centro de Saúde do Grove conta con 2 pediatras, cunha media de 671 TIS, por baixo da media dos demais pediatras da área.

Polo que se refire a construción dun novo centro de saúde no Grove non pode iniciarse mentres o Concello non poña a disposición unha parcela para a súa construción."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56572
Data envio: 27/09/2019 14:42:04.867

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:41:55**

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56569
Data envio: 27/09/2019 14:41:36.226

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 48251,** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena, sobre **"a xestión levada a cabo pola Consellería de Sanidade en relación coa situación da atención á saúde mental, así como as medidas previstas ao respecto"**, (publicada no BOPG número 455, do 3 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á pregunta oral núm. 48474, que tivo lugar no Pleno do 10 de abril de 2019.

Pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-04-10?part=32243fc0-f87c-4367-8cb5-da29006fa5b4&start=6741

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

180470

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/09/2019 14:41:32

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56569
Data envio: 27/09/2019 14:41:36.226

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2019 14:41:32

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56792
Data envío: 01/10/2019 14:28:41.721
Data 01/10/2019 14:28

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49631,** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena, sobre **"as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade, e en particular o Sergas, en relación co compromiso, dedicación, tempo e voluntariedade das súas profesionais na mellora continua da calidade asistencial, formación e coñecemento a través da súa participación en comisións específicas"**, (publicada no BOPG número 476 do 14 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade ,** que ten o seguinte contido:

"O Plan anual de formación, as súas actividades formativas, os criterios de selección do alumnado as localidades, datas e horarios son aprobados anualmente polo Consello de Formación Continuada do Servizo Galego de Saúde (Comisión paritaria composta por membros da Administración e polas organizacións sindicais CIG, CSIF, CCOO e UGT).

Os cursos realízanse, na maioría dos casos, en horario de tarde.

Desde ACIS lévanse a cabo diferentes medidas para facilitar o acceso á formación como son:

• Achegar as actividades formativas aos profesionais coa súa descentralización e realizando o 100% dos cursos do Plan AFEDAP en todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde.

• Aumentar a teleformación. Nos últimos catro anos os cursos de teleformación pasan do 12% ao 41%.

• Apertura en xuño de 2019 dun Plan de autoformación. Actividades formativas dispoñibles os 365 días do ano e as 24 horas.

• Programa REDCASA. Un proxecto que combina innovación formativa, organizativa e tecnolóxica, integrando o adestramento dos profesionais en recoñecemento precoz do risco de parada cardiorrespiratoria dentro da súa xornada laboral e no seu lugar de traballo. No ano



CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/10/2019 14:28:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56792
Data envío: 01/10/2019 14:28:41.721

2018 formouse ao 30% do persoal de medicina e enfermería de atención primaria. No ano 2019 chegaremos a outro 40% e no ano 2020 estarán formados o 100%**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56792
Data envio: 01/10/2019 14:28:41.721

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2019 14:28:38**

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56791
Data envío: 01/10/2019 14:28:35.018
Data 01/10/2019 14:28

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49798,** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **"o prazo e as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver as carencias de persoal e de recursos materiais que hai no Hospital Comarcal de Verín"**, (publicada no BOPG número 476 do 14 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade ,** que ten o seguinte contido:

**"**Desde a Consellería de Sanidade traballamos para atender ás necesidades e resolver os problemas dos pacientes no lugar máis próximo á súa residencia. Por iso reforzamos os hospitais comarcais, mellorando a súa capacidade de resolución, e os servizos que prestan.

No Hospital de Verín manténense todas as especialidades desde súa apertura en 1994, e ademais contamos con novas consultas e probas de Psiquiatría, Uroloxía, Dixestivo, Endocrinoloxía, Neuroloxía, Oncoloxía Médica, Reumatoloxía e Cardioloxía.

É dicir, estas consultas e probas fanse en Verín, sen que os pacientes teñan que desprazarse ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Trátase dunha actividade asistencial de calidade, integrada, tanto coa atención primaria como cos recursos de atención hospitalaria da área sanitaria, e que segue mellorando en resultados asistenciais e en desprazamentos evitados.

Cando se puxo en marcha o hospital este contaba cun cadro de persoal de 140 traballadores, que se mantivo con pouca evolución ata xaneiro de 2009, data da extinción das fundacións sanitarias en Galicia. Naquel momento, o Hospital de Verín contaba con 154 traballadores que se homologaron, como persoal estatutario do Sergas, pasando tan só dez anos despois ata 213, o que supón un incremento do 38% en tan só dez anos pese a progresiva redución da poboación.

Polo que se refire ao servizo de Pediatría publicouse no DOG do 26 de xuño a convocatoria

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



180475
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/10/2019 14:28:32

para a cobertura de dúas prazas de pediatría para o Hospital de Verín que quedaron desertas por falta de concorrencia de aspirantes á convocatoria para cubrir, mediante vinculación temporal, por concurso de méritos, con nomeamento de estaturario interino.

Nos últimos meses téñense planificado distintas actuacións en obras e equipamentos no Hospital de Verín**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56791
Data envio: 01/10/2019 14:28:35.018

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2019 14:28:32

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 49808,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia, na calidade asistencial e nas condicións laborais dos traballadores, das condicións establecidas no concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, así como a necesidade de modificar os criterios de valoración"**, (publicada no BOPG número 476, do 14 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"As AA-SVA con base no concello de O Salnés, Foz e Monforte forman parte dun novo modelo asistencial de atención ás urxencias e ás emerxencias que se está a implantar na Comunidade Autónoma de Galicia, que estarán dotadas cun médico, un enfermeiro e un técnico en emerxencias sanitarias.

Estas tres unidades con persoal facultativo, terán entre as súas funcións, de forma prioritaria, dotar a estas tres bisbarras dun recurso de resposta inmediata para os traslados dos doentes atendidos nos hospitais comarcais correspondentes ( Hospital do Salnés, Hospital da Mariña e Hospital de Monforte), que teñan sufrido patoloxías tempodependentes como un infarto agudo de miocardio, un ictus ou unha sepse e que poidan beneficiarse dos programas, que o Servizo Galego de Saúde, ten desenvolvidos, como o Progaliam, o Plan ictus ou o Código sepse.

Trasladarán, tamén, a outros hospitais galegos a todos aqueles pacientes críticos urxentes destes hospitais comarcais que necesiten continuidade máis especializada dos seus coidados ou ben a realización de probas diagnósticas especiais. A dotación de tres profesionais, entre os que contamos con persoal de enfermería e persoal facultativo, garante a atención e o

CSV: BOPGDSPG5ULNtXMdB7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/09/2019 14:41:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56567
Data envio: 27/09/2019 14:41:17.023

manexo de calquera tipo de doente en situación crítica, ademais de aumentar a supervivencia dos pacientes que sufran un infarto agudo de miocardio, un ictus ou mesmo unha parada cardiorrespiratoria.

Precisamente, outras comunidades autónomas, como Euskadi, Illas Baleares, Andalucía, Cataluña, Illas Canarias, Murcia, Valencia e Madrid, levan tempo traballando na atención ás urxencias e ás emerxencias sanitarias con este mesmo modelo coa mesma dotación de persoal, cuns resultados que avalan a calidade asistencial na atención a calquera tipo de patoloxía urxente extrahospitalaria e interhospitalaria.

A incorporación deste modelo responde aos estudos, que a FPUSG-061 realiza periodicamente, para manter e mellorar a calidade organizativa e asistencial do servizo e que están baseados no tipo de servizos realizados e nas recomendacións e estudos científicos que avalan a calidade asistencial en calquera tipo de patoloxía urxente interhospitalaria e extrahospitalaria realizada coa dotación de recursos humanos contemplada.

